

# máis alá de min !

por

Óscar de Souto



-----

qué latexo?  
qué fervor elocuente?  
qué luz tan intensa?...  
rouba de amores  
o meu corazón.  
un ceo de palabras:  
cidade eterna das ilusiós...  
mares de adverbios,  
parábolos inverbes,  
sons insonoros  
na fala muda  
destes poetas ...  
que deleitan (en soidade)  
o universo das estrofas.

navegando en barcos de papel

nun océano de páxinas

dun mar sen cor.

poetas: un campo florecido

un millón de palabras;

poetas...

país do verbo e da terra

que nacen dos que súan

calados na quietúde

do tempo que discorre

- silandeiro e sinxelo -

morrendo os poucos.

voces sonoras,

humildes,

da herba enxoita

que persevera,

que sobrevive...

¡lonxe de min!

... na noite máis escura.

e... ¡ alzádesvos no verbo incansábel !

describindo sublimes

esta xente chairega

que espera calmada

o seu día final...

(máis alá ...

de tódalas palabras).

poetas...

idolos divinos

coraxe....

valentía....

sol nun ceo anubrado

que aluma os días

-incesante-

coas súas estrofas

(verxel de ideas)

xardín da luz.

poetas...

ventos do norte

que xacen no adverbio

que emerxe de seu....  
no río das palabras  
(que xa nunca secarán).

-  
-  
"rivers of promise !"

-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-----  
é a musica melódica que flúe dos poemas  
o canto insonoro ... que me enche de ti.

nemosyne.

luz de tódalas luces!  
que vagas nos desexos  
como ninguén o fixo nunca.

xa non preciso da noite  
para querer arder no amor  
no inferno das palabras  
que florece na alma  
-incorrupta-  
desa....  
... a miña nenez.

nai das musas.

vento dos ventos...  
que me andas buscando  
(día tras día)  
na vida que morre...  
nesta ... a nosa conta atrás.

u-lo túa beleza?  
no noso xardín de dióxido....  
globo de guerras,  
morte na fame  
desta gran incompreensión!

u-lo a mnemosyne?

neste océano de bagoas,  
cidade de cemento  
que vai fuxindo de min!

persígote, anhelote, adórote...

e somentes penso en ti:  
nos días, nas noites,  
na vida, na morte... ;  
amor de tódolos amores...  
que xace no verbo...  
máis alá de min!

e un día, sen querer....  
namoreime dos poemas,  
dos textos, dos libros, dos poetas...  
un día, sen querer... namoreime de ti!  
da xente, das rúas, da vida...  
namoreime da luz!

e se o noso compromiso mudo  
non é amor...  
dime, pois...  
qué é o amor?

e ti, silandeira,  
roubáchesme as horas,  
os días, o tempo, o verbo, os latexos...  
nai das musas,  
arrancaches do meu peito as maldades,  
aislado do mundo...  
e... xa solo ...  
te teño a ti ...  
...

“ the mother of the muses “

-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-

-----

camiñando sobre o mar sereno,  
calmo infindo,  
cristalino,  
... eterno!  
  
azul de azuis

no esperado luscofusco  
-deste pequeno peirao-  
de sonhos e de lembranças...  
no imenso mar da quietude.

bule!  
corre enfevecido,  
alocado,  
entre as luces,  
entres as sombras...  
i estira os brazos,  
acariciando o vento:  
coa tenrura máis pura...  
do mundo que te alumbra.

e... salta...  
salta no abismo  
-sen medo-  
caendo ingravido  
máis alá do mar!

eu estarei o final!

(non o dubides)

-no meu mar-

agardándote ...

neste...

o noso azul de azuis.

camiñando sobre un mar sereno

-calmo infindo-

cristalino,

... eterno...

o noso mar eterno...

o noso mar azul....

...

azul de azuis.

...

...

“ blue of blues “

-----

que intenso aroma a resina dos pinos,

cisco, arume amado;

arrecende a fieita seca e a terra:

(terra negra do monte).

atisbo na neboa:

un mar de fadas

correndo na espesura

deste lar nas estrelas...

verde paraíso celta

de orballos infinitos

-val de bágoas-

xeada, neboa, pastasmas.

inmenso xardín de flores

na carballeira dos días.

esa parella de carreiros

eternamente paralelos

-compañeiros clandestinos-  
indicando un paso sinxelo  
nun monte tristeiro.

qué silencio apacíbel  
buscan os destiños?  
qué paraíso verde  
viron os teus ollos?  
neste xardín de flores  
na carballeira dos meus días.

“ green paradise “

-

-

-

-

-

-

-

-----

dous altos abeneiros na beira do río...

-bellos irmáns- que perduran....

anclados na quietude:

alzándose impetuosos,

altivos e serenos,

na súa eterna calma

do que non fala

dicindo tantas cousas.

sombras e luces

que bailan no vento

mecidos no agarimo

dunha hora calqueira.

un aturuxo de polas rinchan estridentes

neste fluir dos días

que vai falecendo

na coraxe tranquila

do que non fai nada  
neste movimento do mundo  
partindo da quietude.  
sombras apacibles  
das copas maxestas  
desta calma meiga  
do páramo sereno.

vento de horas...  
tempo que bule!  
na luz que morre  
na nosa beiga:  
lar clandestino... na beira do río.

.

“ two brothers “

-

-

-

-

-

-----

un ramo de rosas rosas  
xace solemne  
nesa gris estrada  
no norte das palabras.

non marchitan co fume....  
nin co tempo,  
nin con este sol...  
respiran magoa,  
resisten por ti!

beben as bagoas desta soidade  
-cortante-  
e florecen necesarias  
para ser vistas:  
flor da morte calada  
na cuneta dos días.

un ramo de rosas rosas  
naquela estrada gris  
dunha tarde calquera.

unha flor, unha vida,  
un recordo, unha alma....  
que xa non esta...  
que xa se foi!

un ramo de rosas rosas para recordar.

-

-

-

“ flowers for remember “

-----

carreiro de lume nas olas  
que fuxes hacia min  
querendo non quererme  
máis alá do mar!

posta de sol ardente  
que acaricias a perfección  
na tarde insonora  
que se apaga no ceo:  
morrendo a diario,  
es lume afogando...  
detrás do horizonte...  
e alónxaste  
-fausto-  
máis alá da luz!

desa luz .... que vive en ti  
nadando no teu corpo blando  
-inmenso e sereno-

...

desfaise, evapórase  
ese son calmado e fráxil,  
insonoro,  
do teu morno calor:  
raio invisíbel,  
vivo...  
vivo no ceo e nas nubes....  
vivo nos versos e na terra...  
debidos a ti.

na terra que se apaga....  
xa tan lonxe de aquí!  
carreiro de lume nas olas  
que fuxes hacia min  
querendo non quererme  
máis alá do mar!

... ..

"the sun at closed the day"

-----

Venus de Milo.  
marmol pulcro e feminino.

esencia dormida,  
figura inmortal,

musa idónea... de todo poeta.

¿qué divina providencia te tallou

cincelada na quietude

das eras finadas

na choiva dos tempos?

seria, digna e núa

no teu silencio perfecto

nese...

o teu pedestal da historia:

moi por enriba da vida,

do tempo ... e das memorias...

prevaleces na *resistencia* das horas

como venus:

musa das musas!

ánonima inmortal,

peremne,

-fausta-

divinidade do escultor inverte

-silandeiro, rexio-

liberado en ti...

só... e núa!

na luz dos recordos.

e no apocalipsis do silencio

que te desexen os versos

eternamente...

máis alá de nós!

"You perfect silence"

-----

Zeus....

desexo do home vulgar...

pedestal

reflexo de si mesmo

maxinándose perfecto

no cumio do lugar.

espello...

reflexo insonoro

dos infimos latexos da auga

-destes pensadores sin pensamento-

no trono celeste

imitando a ese deus...

deus dos sonhos!

deus dos soñadores!...

deuses da nada!

-Zeus...

ti es mito da mitoloxía  
vivindo en min  
por detrás dos meus ollos...  
por debaixo da vida  
¡máis alá do real!

ti...

es fume,

soño,

nada!

...

ti es nada!

-

-

“the nothing”

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-



Templo afrodisias.  
no nome do amor:  
ese amor que me arde no peito  
¿qué templos se levantaron ...  
alén de nós?  
lonxe do mar dos recordos.  
latexos da esperanza derrubados  
polo vento dos minutos que flúen  
-imparábel-  
forza de tódalas forzas!  
tristeza desgarradora  
na magoa das penas...  
corredoiras tanxibles que se alonxan  
desplomadas na mente que te maxina.  
¿u? .... ¿u-lo teu esplendor?:  
cúpulas tintadas de arco iris,  
océanos de ideas,  
universos de palabras,  
capiteis de ouro,

de mármore,  
columnas ingravidas,  
e sonhos vivos...  
-maxestosos-  
na Grecia de tódalas Grecias...  
que viviu por nós.  
¿u?¿onde?  
¿en qué tempo te olvidamos?...  
...alén de ti!

-  
-  
-  
-

"the name of the love's house"

-----

Venus de Botticelli.

lóante os ventos,

peiteate a beleza,

desnúate o desexo máis puro:

o desexo de ti!

navegando no edén das cores

-infinda e núa-

arribas na praia eterna

da nosa deidade.

luz feminina

da pel transparente

que se alimenta de ollos  
na súa pulcritud.

...

que as ás de plumón branco dos anxos do ceo

servan de leito

no teu último soño

-sempre despois do meu-

moi lonxe de nós!

que as nubes de algodón que flotan na cúpula transparente

te alcen gloriosa e que se empapen de ti:

esencia impoluta, sublime, eterna...

-imperfección perfecta-

da alma que flúe

na túa beleza

núa.

Venus.

lóante os ventos,

peiteate a beleza,

desnúate o desexo puro:

o desexo de ti!

"the wish of you"

-



torrente de ideas que flúe

-invisible-

no mar dos poemas  
nestes versares calados  
que florecen clandestinos  
recitados no ar extenso  
na alma eterna  
deste poeta... xa morto:  
... morto de amor!

...

amor pola vida,  
polas almas sinxelas,  
polo agarimo,  
a amizade,  
o mar,  
a liberdade,  
amor ...  
amor por ti!

...

e que non se apague nunca o candil das palabras  
alén da miña vida!  
da miña hora...  
alén de min!  
que non o vexan os meus ollos, xa pechados!  
que non vexa finar as palabras  
no día aquel, triste e gris!

derradeiro poema

deste adeus...

nú.

que se alzen as estrofas ilimitadas

destes primoxenitos do home

alén dos abismos infindos

da palabra e do verso!

navegade sonetos *increcendo* no mar ilimitado das poesías...

poblade de sons o silencio

e ilumínade a noite que me precedeu...

máis alá de vós!

eu.

ti.

-

-

"my closed eyes"

-----

un campo de flores:

cores,

pistilos,

herba,

luz....

flores laranxas na xanela dos ollos.

un xardín inmenso,

longo,

eterno,

parte invisíbel

no horizonte dixital das ideas.

concepto das vidas na cor

que percorre a pel das promesas

na esencia das verbas...

acariciándote!

un exercito de petalos abertos

búscate no ceo ilimitado

-ollando sen ollos-

esa luz quente da vida

neste universo pequeno

que te viu un día nacer.

muller. flor. amor.

amor que te ama

na hora aquela que morre

máis alá dunha flor!

-

-

"a flower"



¿u-lo aqui a paz insonora do mar que me busca?

místico, coma o amor.

¿u-lo aqui esa alma, pura e sinxela, que surfeaba lene nas olas da vida?

inconsciente, coma ti.

¿u-lo aqui a decencia física do peito?

que xogaba, ruda e atoulada, nos rompentes da praia das ideas:

purificadora, coma o lume.

versando descoidado no arrecife das promesas:

¿u-lo neno aquel?

(meninho do que saín un día)

coa intención de morrer

no silencio do ruído

para nacer na flor das poesías

como ¡única esperanza! de voltar a él.

¿u-lo mar nesta terra que fina a poucos?

perdido, como a miña esperanza...

a miña esperanza de volverte a ver.

¿u-lo eu cando me leas?

vivo, (tremendamente vivo), coma estas letras que ti lees.

...

e...

¿U-lo aquí a paz insonora que me busca?

místico, coma o amor...

amor por ti!

-

e cando non me atopas nos versos...

búscame no mar...

no meu mar,

no noso mar que me achega preto de ti...

eterno, como algúns recordos....

recordos de ti.

-

-

"reef of promises"

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-  
-  
-  
-

unha raiola de sol  
na cúpula dos ventos  
é o ronsel da mañá que renace

-libre-

-desatada-

-fráxil-

alén de tódalas palabras!

máis alá de nós!

...

no ar puro e salvaxe  
da terra que me inunda  
naceron outrora esas verbas  
que me unen a ti.

si!

xuro...

xuro pola terra que morro

voltar amar,

voltar a respirar...

a respirar o amor!  
... nas verbas,  
nessas palabras eternas  
que me enchen de luz!  
palabras que...  
naceron ....  
.... no amarelo das follas dunha arbore.  
naceron ... na serra extensa,  
na herba do prado,  
na luz do sol,  
en ti.  
-naceron en ti-  
esas letras sinxelas que tanto adoras...  
que flúen coma o vento do norte  
pola terra mollada  
que nos viu nacer...  
lonxe do amor!  
e un inferno de sentimentos  
rebéntame o peito  
na loucura dos días  
lonxe de ti!  
sentimentos.  
coma raíces medrando na terra  
que van emanando no verso

-silandeiros-  
máis alá do ar!  
e ... máis alá de min!

"feelings"

-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-

-----

Afrodita

deusa do amor

voando sobre un cisne branco.

...

surcas o ceo nas horas

nesta noite que te busca

na escuridade mais cega

da penumbra sen ti .

e... mátame!

...

mátame coa túa beleza ferinte e soñadora

-sangre na dor-

que me afoga na alegría

-lene e vivo-

preto da loucura divina

que me enche de paixón.

Afrodita ...

acoitélame o peito

co teu sorriso,

cos teus labios lascivos,

co teu corpo de lume,

-inferno de amor-.

mar de dozura

-pulcra e perfecta-

namorada do son:  
único instrumento que se escoita  
neste silencio tan calado....  
plagado de ti:  
salaos.  
lamentos.  
huracán de desexos  
nesta lúa chea...  
... chea de amor!  
inolvidable...  
-tempo e lamentación-  
no abismo dos recordos  
dos amenceres frios  
desta vida que morre  
alén de min!  
Afrodita:  
-mátame!  
... mátame de amor.

na claridade do día  
-fermoso e sinxelo-  
mirando o ceo que florece  
descubrinte insigne:

ardente de liberdade  
coa mirada cravada no medo  
fixamente.

Coa túa perla azul  
asexando inverbe  
no teu sofoco da selva inmensa:  
inferno natural  
de cores extintos, nítidos,  
rebosantes de vida...  
manchea de luz...  
...  
alza o vó  
lonxe!  
...

lonxe da morte que te chama  
que te reclama!  
-e non fagas caso:  
voa, voa sen parar...  
na espesura verde  
-paraiso esmeralda-  
que te acolle no seu silencio

na melodía insonora  
do verxel dos sons.

lonxe!  
no último paraíso da liberdade  
desta marea impenetrábel  
que te libera de min!

“you liberty”

-----

lar da terra queimada  
consumida polo fogo  
arrasada, ultraxada...  
-terra-deserto-.

nubes incendiadas do ar fogado  
que no ceo apenas .... choran.

magoa ferinte. Noite no día  
do sol invisíbel. Eclipse afumado

na chaira que morre.

unha e outra vez

dor *ozónico*,

dor pola herva,

polas arbres,

polos animais

consumidos no inferno...

no inferno do lume!

o meu prado,

o meu monte,

o meu pais que arde

afogado nun mar de chamas!

"my country in flames"



-----

a sutil xeada nas follas  
produce unha amargura intensa  
mezclada en agarimo:  
amor a terra!  
despedida dos versos  
-paseniño-  
palabras que se quedan...  
máis alá dunha vida!  
... a corta vida dos poetas.  
compoñen os teclados  
na negra noite da soidade  
estrofas frescas,  
lenes,  
puras  
coma un xardín de margaridas

na primaveira dos días.  
sempre escoitan os meus silencios  
eses sons de gaitas e de violíns...  
da irlanda do berce nonnato,  
da escocia que loita en lonxanía...  
desa miña terra verde doutroa:  
hoxe vencida.

finou o canto do roiseñor  
nos campos brancos;  
saraiba que morre...  
pouco a pouco  
no sol nacido...  
máis alá dos poemas!

...

ríos de sangue anónimos  
por detrás dos versos que flúen.  
coma heroes morren sen medo,  
descoñecidos,  
para máis gloria dos que esquecen!  
duros,  
versos durísimos...

"celtic glory"

-----

xa teñen sentido tódolos meus porqués;

xa é lene, abofé, o meu novo versar...

sosegado

-paseiño-

consciente das horas que fuxen \_\_

\_\_ do minutario:

sinxelamente ... buscándote...

nas follas espidas

dos poemas, dos latidos,

destes adeuses que fuxen...

... máis alá da nosa vida!

-

-

-

-

-

"at other side of the heaven"



-----

que non se apaguen as luces fuxitivas

da virxe costa degoxada

que asexan sempre os meus ollos:

-abertos ou pechados-

voando nun soño largo

acaricio con tenrura

as altas copas dos pinos

que se mecen altivos

co mar como última meta

de tódolos meus poemas.

que non expiren as verdes fragas

do meu verxel clandestino...

-

-

-  
-  
"my paradise"

-----

alta paz que me asiste  
na lembranza doutroa  
-na loucura dun neno-  
resistindo silandeiro:  
e nunha pena no abismo  
namoreime un día de ti:  
terra-pais.

luz: o meu paraíso.  
lagos de flores amarelas  
adornan o chan mollado  
(tona do inferno)  
a carón das pisadas.  
nunha montaña sagrada  
atopei un día unha idea  
que me trouxo alegría  
-razón de loita-  
e un millón de versos.

verde oscuro vizoso  
da miña morada sinxela  
debaixo do ar e das nubes  
que me van arrastrando, paseniño,  
o noso acocho nas estrelas.  
inmenso xardín aberto  
na gloria das horas...  
que falece caladiña.

"open garden"